MEMORIA

2010

- **A Asociación**
- **Programas que desenvolve:**

1. **Acollida, Apoio Psicosocial e Orientación sobre Axudas**
2. **Terapias de Estimulación Cognitiva**
3. **Programa Sábados de Respiro**
4. **Servizo de Transporte Adaptado**
5. **Formación**
7. **Voluntariado**
8. **Fisioterapia**
9. **Apoio Legal**
10. **Estimulación Cognitiva a Domicilio**

- **Memoria de actividades levadas a cabo por AGADEA**
- **Socios**

▪ A ASOCIACIÓN:

AGADEA é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída en 1994 por un grupo de familiares de enfermos de Alzheimer para buscar xuntos respostas, compromisos, apoios e recursos necesarios para coidar mellor e con menos dificultades aos seus enfermos.

AGADEA ten os seguintes **fins:**

- Prestar **asistencia psicolóxica e moral** aos familiares dos enfermos de Alzheimer e outras demencias similares.
- **Asesorar** aos familiares dos enfermos de Alzheimer e outras demencias, en **materias legais, sociolóxicas e económicas.**
- **Proporcionar e difundir** nos medios de comunicación todo o que faga referencia o **posible diagnóstico** da enfermidade e terapia da mesma, o obxecto de facilitar a asistencia adecuada.
- Facilitar, mellorar e controlar a asistencia aos enfermos para mellorar a súa **calidade de vida** o máximo posible
- **Estimular os estudos** sobre a incidencia, evolución terapéutica e posible etioloxía da enfermidade.
- Instar aos diversos estamentos públicos a prestar unha **maior atención** aos enfermos de Alzheimer a aos seus coidadores e familiares
- Manter os contactos adecuados con entidades e asociacións adicadas o estudo da enfermidade, dentro e fora de España, co propósito de estar o día nos avances científicos que se produzan nesta materia, e así poder **informar** aos familiares dos enfermos.

PROGRAMAS QUE DESENVOLVE

As actividades da Asociación establécense e organízanse para dar cumprimento aos obxectivos mencionados, particularmente reafirmando e mellorando a xestión de servizos, tanto de asesoría a familiares como a asistencia aos propios enfermos, actividades de difusión para acercar á poboación o coñecemento da enfermidade, os seus síntomas, evolución e a problemática derivada da mesma e a interlocución coas Administracións Públicas así como a participación con outras asociacións que persigan fins similares.

Seguindo as liñas básicas de traballo de AGADEA, continuáronse desenvolvendo durante este **ano 2010**, ademais doutras actividades:

OS PROGRAMAS BÁSICOS DA ASOCIACIÓN

- **Programa de Acollida, apoio psicosocial e Orientación sobre Axudas**
- **Terapias de Estimulación Cognitiva e Psicomotriz.**
- **Programa "Sábados de respiro"**
- **Servizo de Transporte adaptado**
- **Programa de Formación**
- **Programa de Voluntariado**
- **Programa de Fisioterapia**
- **Programa de Apoio Legal**
- **Programa de Estimulación Cognitiva a Domicilio**

1. PROGRAMA DE ACOLLIDA, APOIO PSICOSOCIAL E ORIENTACIÓN SOBRE AXUDAS:

De luns a venres, e en horario de 09:00 a 14:00h e de 16:00 a 20.00 horas a traballadora social atende nas oficinas da Asociación a todas aquelas persoas que así o soliciten, informándoos e asesorándoos nas súas dúbidas ou necesidades de carácter psicosocial, económico, legal…, e derivándoas aos servizos pertinentes en caso de ser preciso.

A información que más se demandou foi sobre a relacionada coa Lei de Autonomía Persoal, cómo solicitalas axudas, cómo cubrir os impresos.
Cabe destacar neste punto que as familias están moi desorientadas no que se refire a nova Lei, non saben como han de cubrila, si teñen dereito as axudas e prestacións e contar cunha Traballadora Social na Asociación prodúcelle un gran alivio posto que a maioría dos familiares teñen unha sensación de impotencia o non saber como han de facer.

A Traballadora Social tamén Acolleu as novas familias e os posibles usuarios/as que acoden a nosas oficinas a información sobre as terapias e sobre os recursos do Concello e outras institucións.

A traballadora Social analiza cada caso e se é preciso deriva os servizos oportunos, tanto os propios da Asociación como, por exemplo, os Servizos Sociais do Concello, o médico me Atención Primaria.

2. TERAPIAS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E PSICOMOTRIZ:

Neste ano 2010 continuaron reforzándose as Terapias de Estimulación Cognitiva e Psicomotriz, no **Centro Sociocultural de Vite, en Santiago de Compostela,** e **no Centro Terapéutico** na Rúa Dublín nº 6, Fontiñas (Santiago de Compostela). No mes de Xullo inagurouse o **Centro de Día de Alzheimer de Santa Uxía de Ribeira**, xestionado por AGADEA , onde se están actualmente a desenrolar as actividades e os servizos ofertados pola Asociación.

Estas terapias están dirixidas a persoas con enfermidade de Alzheimer ou outra demencia, e teñen a dobre finalidade de manter o maior tempo posible as súas capacidades, á vez que se proporciona aos seus familiares un tempo de respiro.

Os usuarios distribuense en grupos organizados de forma homoxénea e en función do nivel de deterioro dos mesmos.Os grupos son reducidos, co fin de maximizar a estimulación.
Establecemos **tres grupos** segundo o grado de deterioro cognitivo:

- enfermos con fase **moderada,**
- enfermos en **fase leve- moderada,**
- persoas con **deterioro cognitivo lixeiro.**

No Centro Terapéutico de Fontiñas, así como no **Centro de Día de Ribeira** o horario é de 9.30h da mañá a 20.00 horas da tarde, en horario ininterrompido de luns a venres.

Neste tempo realízanse as actividades propias de estimulación (orientación a realidade, musicoterápia, xerontoxinmásia...) e, ademais, ofertase o servizo de transporte adaptado e de comedor.

Para cumprir un dos obxectivos das terapias ofértase ás familias a flexibilidade horaria, deste xeito tivemos usuarios/as que veñen en horario de mañá, de tarde, todo o día e que tamén se beneficiaron do servizo de comedor.

No local do Centro Sociocultural de Vite o horario é de mañá de 9.30h ata ás 14.00 da tarde. Este grupo é o formado por persoas que teñen un deterioro cognitivo lixeiro.

O obxectivo destas terapias é estimulala memoria e o resto de funcións cognitivas, aproveitando os recursos existentes, favorecendo o seu exercicio e preservándoas mediante o desenvolvemento de técnicas de compensación específicas. O mesmo tempo, nos Obradoiros favorecéronse as relación sociais, a independencia e a autoestima dos usuarios

No seguinte gráfico vemos como están distribuídos os/as usuarios segundo o horario das terapias:



No seguinte gráfico vemos como están distribuídos os/as usuarios segundo o tipo de servizo que utilizan:



No seguinte gráfico vemos como están distribuidos os/as usuarios por sexos:



As Terapias de Estimulación estiveron dirixidas por un profesional da psicoloxía, unha Educadora Social e tamén contamos coa colaboración dunha Terapeuta Ocupacional, apoiadas por tres auxiliares (que ademais de colaborar nas actividades, atenden a aqueles enfermos/as que o precisen), e por estudantes en período de prácticas e voluntarios, que fan que a atención sexa moi personalizada.

.

PROGRAMA SÁBADOS DE RESPIRO:

A Asociación pon en marcha dende o día 13 de Novembro o programa “Sábados de respiro”, unha iniciativa que ten como principal obxectivo permitir que os coidadores/as dos nosos usuarios conten con tempo libre na fin de semana, mentres os seus familiares realizan actividades e están atendidos por profesionais. Isto axuda a aliviar o estrés do coidador/a, facilitándolle un tempo para adicalo a el mesmo e a súa familia. Para iso, ofertaráse servizo de comida, transporte adaptado, e actividades con contidos máis lúdicos que nas xornadas de luns a venres.

3. SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO:

Para aquelas persoas que o precisen, a Asociación conta dende o mes de abril de 2006 cun **servizo de transporte adaptado,**

O obxectivo do Servizo de Transporte adaptado é a asistencia dos/as usurarios/as e de facilitar o coidado do familiar que sofre demencia.

O Servizo recolle os/as usuarios no seu domicilio e os leva os Obradoiros de Estimulación Cognitiva e viceversa.

No seguinte gráfico vemos a distribución por sexos dos/as beneficiarias do Servizo de Transporte Adaptado:

4. PROGRAMA DE FORMACIÓN:

AGADEA leva moitos anos relacionada coa cultura e a educación, consideramos que a formación específica e a difusión da problemática asociada á enfermidade de Alzheimer e outras demencias é un dos nosos obxectivos principais.

O cursos de formación que se realizaron durante o ano 2010 son os seguintes:

ENFERMIDADE DE ALZHEIMER, ABORDAXE MULTIDISCIPLINAR: CURSO PARA COIDADORES

Cando unha persoa asume a responsabilidade de coidar a un enfermo con demencia, enfróntase a unha tarefa que non é doada. Para facela máis fácil é necesario adquirir a formación específica que permita artellar as respostas axeitadas.

Para este curso AGADEA conta coa participación Dr. Robles, neurólogo responsable de Neuroloxía Cognitiva do Hospital Clínico Universitario de Santiago, cunha charla especializada sobre o proceso de incapacitación e tutela e coas intervencións multidisciplinares dos profesionais da Asociación que atenden día a día a persoas con demencia.

CONTIDO:

Módulo 1. Demencia e enfermidade de Alzheimer. Concepto, evolución e tratamento farmacolóxico.

Módulo 2. Organización e planificación da vida diaria

Módulo 3. A familia diante da enfermidade de Alzheimer. Estratexias de enfrontamento

Módulo 4. Terapias non farmacolóxicas e comunicación na enfermidade de Alzheimer

Módulo 5. Coidados de enfermería na enfermidade de Alzheimer

Módulo 6. Fisioterapia en enfermos de Alzheimer e outras demencias. Escola de espalda para coidadores.

Módulo 7. Cuestións legais a ter en conta diante da demencia

Módulo 8. Recursos sociais. Programas de AGADEA

DURACIÓN: 24 horas.

COIDADOS INTEGRAIS A PERSOAS GRAN DEPENDENTES

Cando unha persoa asume a responsabilidade de coidar a un enfermo con demencia, enfróntase a unha tarefa que non é doada. Para facela máis fácil é necesario adquirir a formación específica que permita artellar as respostas axeitadas en cada intre.

O Curso de Coidados Integrais a Persoas Dependentes realízase como complemento ao Curso de Formación de Coidadores de Enfermos de Alzheimer, e ten como obxectivo proporcionarlle aos asistentes unhas referencias básicas sobre os coidados de enfermería que dirixen aos seus enfermos, de xeito que lles permitan dar uns coidados de máis calidade, con menos esforzo, buscando o equilibrio na súa vida cotiá

CONTIDO:

Módulo 1. Fomentar un ambiente axeitado. Impartido por Gladys Castro. Enfermeira.

Módulo 2. Coidados de hixiene e confort. Impartido por Carmen Casal Nogueira. Enfermeira.

Módulo 3. Nutrición, alimentación e hidratación. Impartido por Gladys Castro. Enfermeira.

Módulo 4. Tratamentos farmacolóxicos. Impartidos por Gladys Castro. Enfermeira.

Módulo 5. Hixiene do sono. Impartido por Gladys Castro. Enfermeira.

Módulo 6. Control da dor. Impartido por Gladys Castro. Enfermeira.

Módulo 7. Coidado da pel. Úlceras: prevención, coidados e tratamento. Impartido por Gladys Castro. Enfermeira.

Módulo 8. Mobilización da persoa encamada. Escola de espalda. Impartido por José Carlos Nieto Alonso. Fisioterapeuta.

DURACIÓN: 15 horas.

ABORDAXE PSICOSOCIAL DA ENFERMIDADE DE ALZHEIMER: COIDADOS Ó COIDADOR.

Ante o impacto social da enfermidade de Alzheimer e o peso que no coidado desta enfermidade manteñen os familiares, as políticas de atención á dependencia están prestando especial énfase no coidado ó coidador.

O presente curso propón unha visión da situación xeral do coidado informal do noso entorno e, a continuación, un amplo conxunto de propostas para a intervención, de carácter eminentemente práctico.

CONTIDO:

Módulo 1. Aspectos psicosociais nas demencias dexenerativas

Módulo 2. Recursos.

Módulo 3. Pautas para a comunicación e o coidado na enfermidade de Alzheimer, aspectos básicos.

Módulo 4. A familia ante a enfermidade de Alzheimer. Programas de Apoio ao Coidador.

Módulo 5. O Síndrome do Coidador, estratexias de prevención e afrontamento

Módulo 6. Afrontamento da dó.

DURACIÓN: 15 horas.

COIDADOS PALIATIVOS EN ENFERMIDADE NEURODEXENERATIVA AVANZADA NAS DEMENCIAS DEXENERATIVAS

Os Coidados Paliativos están destinados a favorecer a calidade de vida dos pacientes e familias abordando os problemas asociados coa enfermidades co pronóstico da vida limitado mediante a prevención e o alivio do sufrimento. Non pretender nin alargar nin acurtala vida.
Inciden sobre o bo control da dor e outros problemas físicos, psicológicos, sociais e espirituais.
Estes coidados aplícanse precozmente co fin de mellorar os síntomas da enfermidade e ofrecer un sistema de soporte e axuda para conqueir que a vida destes pacientes sexa activa tanto como se poida.

Modulo 1. Concepto e filosofía dos Coidados Paliativos
Concepto da Enfermidade Terminal.
Terminalidade na enfermidade neurodexenerativa

Modulo 2. Ética e Coidados Paliativos
Vontades anticipadas. Limitación do esforzo terapéutico.
A comunicación co enfermo terminal e a súa familia
A dor nos procesos terminais.
Coidados Integrais o final da vida:
Control de síntomas mais frecuentes
Coidados de confort.
Atención o coidador.
Afrontamento da morte e o duelo.

DURACIÓN: 15 horas.

TALLER DE ALIMENTACIÓN E NUTRICIÓN NAS DEMENCIAS DEXENERATIVAS

Unha das necesidades básicas que mais preocupa ó coidador dun enfermo con demencia son os aspectos relacionados coa alimentación e a nutrición. Con frecuencia na progresión da enfermidade danse dificultades que é preciso coñecer e saber resolver para favorecer que o familiar enfermo manteña unha correcta saúde e evite complicacións derivadas dunha inadecuada nutrición.

CONTIDO:

Módulo 1. Enfermidade de Alzheimer e outras demencias dexenerativas, coñecementos básicos .
Módulo 2. Alimentación e nutrición, princípios xerais .
Módulo 3. A dieta nas demencias .
Módulo 4. Aspectos comunicativos aplicados á alimentación e nutrición do enfermo de Alzheimer .
Módulo 5. Complicacións dixestivas nas demencias.
Módulo 6. Manexo da medicación..
Módulo 7. Alimentación e nutrición do familiar coidador.

DURACIÓN: 6 horas.

GRUPOS GAM "ESCOLA DE FAMILIAS"

Unha iniciativa que comezou o día 15 de Novembro no centro de día de Ribeira, e o día 2 de Decembro nas nosas oficinas de Santiago, a escola de familias está destinada a informar e formar ós coidadores sobre os aspectos da enfermidade e dar pautas de actuación ante a diversa problemática da convivencia diaria cos familiares afectados.

Os Grupos de axuda mutua están compostos de persoas que comparten un problema ou situación, que se reúnen para facer algunha cousa para superalo e conseguir cambios sociais e/ ou personais. Os grupos de axuda mutua resaltan a interacción persoal e a asunción individual de responsabilidades dos seus membros. Adoitan proporcionar axuda material ou emocional e promoven uns valores a través dos que os seus membros poden reforzar a propia identidade.

Funcións dun grupo de axuda mutua

- Facilitar e intercambiar información:

Estimular o intercambio de experiencias e coñecementos entre os membros. Pódense valorar os coñecementos sobre novas formas de tratamento ou recibir información sobre un problema concreto, que pode adquirirse invitando 'expertos' ao grupo de axuda mutua. Grazas ao intercambio de experiencias suavízanse problemas. Ademais a través da información que se recibe coñécense contactos e recursos. A información ao público pode ser útil ás persoas que se achan na mesma situación e non gozan do soporte dun grupo, porqué descoñecen a súa existencia para poñelos en contacto.

- Apoio emocional entre os seus membros:

Por apoio emocional entendemos saber escoitar e ver outro que sofre un problema parecido ou máis grave. Este apoio dáse durante as reunións do grupo de axuda mutua, pero moitas veces tamén fóra do grupo, a miúdo falando por teléfono, por carta... Este apoio é permanente ou ben puntual en situacións de crise. Este aspecto pode ser esencial do grupo de axuda mutua, ou pode engadirse ás actividades do grupo.

- Organización de actividades sociais:

Un grupo pode reunirse para xogar a cartas, ir a unha cafetaría, etc. Estas reunións, a miúdo pretenden romper o illamento en que se encontran moitas comparezas con enfermidades crónicas que, sen este estimulo, non sairían de casa.

- Defender intereses e premer: Pode ser que o obxectivo do grupo sexa defender os seus intereses e facer presión social. Xa que o grupo posúe unhas características comúns, se non están cubertas certas necesidades,un grupo pode emprender accións para darse a coñecer ás autoridades e á opinión pública. A forma de exercer esta presión vai dende dirixir unha petición formal á autoridade pertinente, ata a organizar unha manifestación de afectados.

Temario do grupo de axuda mutúa en SANTIAGO

- SESIÓN 1 : Entendendo o Alzheimer
- SESIÓN 2 : As emocións, ¿qué son e cómo afectan ó cuidado?
- SESIÓN 3: Cando as emocións nos afectan negativamente, ¿cómo manexalas?
- SESIÓN 4: Comunicación e asertividade, ¿cómo evitar o conflicto e cómo compartir a responsabilidade?
- SESIÓN 5: Actividades gratificantes, ¿qué me gustaría facer e por qué non o fago?
- SESIÓN 6: Ansiedade, ¿por qué coidar aumenta o noso nivel de estrés?
- SESIÓN 7: Ansiedade e coidado, ¿cómo afrontar e manexar a ansiedade?
- SESIÓN 8: Manexo de conductas problema, ¿por qué correximos/regañamos/nos impacientamos se sabemos que non serve de nada?
- SESIÓN 9: Educación para a saúde: Porque coidandonos coidamos mellor
- SESIÓN 10: Repaso, ¿qué aprendimos e qué nos gustaría seguir aprendendo?

Duración: 15 horas

Temario do grupo de axuda mutúa en RIBEIRA

- Demencias, ¿de que falamos?
- Como comunicarse con persoas con demencia.
- A importancia dun ambiente axeitado. Hixiene.
- Hixiene do sono e control da dor.
- Tratamento farmacolóxico.
- Tratamento non farmacolóxico.
- Coidado da pel: Úlceras por Presión.
- Tratamentos posturais de persoas encamadas.
- Trastornos afectivos en demencias.
- Trastornos comportamentais en demencias.
- Estimulación cognitiva.
- Taller de psicomotricidade.
- Estrés nos coidados.
- Síndrome do coidador.
- Taller de relaxación.
- Situacións de urxencias.
- Alimentación e nutrición nas demencias.

6. PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

En AGADEA consideramos básica a implicación do tecido social na problemática das persoas que sofren Alzheimer e as súas familias.

O Programa de Voluntariado de AGADEA céntrase, por unha banda, en **visitas de acompañamento e estimulación** a enfermos de Alzheimer ou outras demencias.

Estas visitas realizáronse semanalmente, por parellas, e resultaron moi gratificantes para a persoa nova, que realiza actividades novas e estimulantes, e para o coidador/a supoñeron un respiro e un apoio, ademais do reforzo de que outras persoas tamén participen do seu problema.

Así mesmo, os **voluntarios** tamén colaboraron cos psicólogos e as auxiliares nos **Obradoiros de Estimulación Cognitiva e Psicomotriz**, e nas actividades de difusión e divulgación de AGADEA.

Os/as **voluntarios/as** previamente reciben unha formación específica por parte de AGADEA, tanto sobre o que implica ser voluntario, os seus dereitos e obrigas, como sobre as demencias e as pautas axeitadas de comunicación e estimulación cognitiva.

Ao longo do ano 2010 a Asociación contou con **65 voluntarios**, tanto de apoio nos Obradoiros de Estimulación Cognitiva, como nas tarefas administrativas e de xestións na oficina.

IDADES VOLUNTARIADO



As idades dos nosos voluntarios van **dende os 18 ata aos 72 anos**

Este ano participamos na Feria do Voluntariado que organiza a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, celebrada os días 21 e 22 de Outubro.

Nesta convocatoria reuníronse entidades de toda Galicia e na nosa Asociación, por suposto, tampouco quixemos perdernos a cita deste foro de encontro e intercambio de ideas sobre a acción voluntaria na comunidade.

Dita feira xurde cun dobre obxectivo: por un lado, difundir e promover a labor de asociacións como a nosa e, por outro, recoñecer e agradecer ese labor desinteresado que prestan as persoas voluntarias.

Dende a caseta que a nosa asociación instalou no percorrido ferial repartiuse información sobre as actividades de apoio a enfermos e coidadores que dende hai anos vimos levando a cabo.

1.7. FISIOTERAPIA

A través deste programa, ofrécese un servizo de fisioterapia a domicilio, que atende aos enfermos de Alzheimer ou outras demencias, co obxectivo de manter o seu estado físico.

Nos enfermos na primeira e segunda fase, trátase de previr síntomas que sabemos que van ir aparecendo coa evolución da enfermidade, mantendo ao enfermo o máis activo posible: exercicios que implican movemento das articulacións, evitar rixideces, corrixir alteracións posturais, reeducar a marcha, diminuír o ritmo de caídas traballando o equilibrio, traballando a coordinación visomotora, etc.

Cos enfermos na terceira fase, a actuación do fisioterapeuta está encamiñada a evitar as secuelas propias do encanamento. É necesario mover tódalas articulacións, asistindo ao movemento ou realizándoo de forma pasiva, realizar contrarresistencias para evitar a perda de forza muscular, camiñando sempre que sexa posible, para evitar perda de masa ósea, ou alomenos manter ao enfermo de pé para axudar á drenaxe renal e evitar complicacións urinarias. Tamén se realizan exercicios respiratorios.

Durante as sesións, o familiar coidador está presente, informándolle o profesional acerca dos exercicios levados a cabo, así como das medidas ergonómicas ou de hixiene postural que permitan realizar os coidados diarios co menor custe enerxético.
Durante o 2010, repartíronse 20 sesións de Fisioterapia**, 5 foron no domicilio e 15 en consulta** do Programa de Fisioterapia.

8. PROGRAMA DE APOIO LEGAL:

Séguese prestando este servizo, dende a oficina da avogada que colabora coa asociación. Así, calquera persoa que sexa socia de AGADEA pode facer por teléfono consultas de contido legal, ou concertar unha entrevista persoal, sendo a primeira totalmente gratuíta.

Este ano realizáronse **21 derivacións á avogada**, para resolver dúbidas respecto aos trámites para solicitar a incapacitación legal, as obrigas que implica o nomeamento como titor, etc.

9. PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA A DOMICILIO:

Durante o 2010 continuamos desenvolvendo este programa, mediante o cal unha psicóloga atenden no seu domicilio aos enfermos, estimulando a persoa enferma no seu propio domicilio.

Deste xeito, permítelle así ao familiar coidador adicarse a outras actividades distintas coa seguridade de que o seu enfermo queda en boas mans e se ralentiza o deterioro.

Durante o ano 2010, 3 familias recibiron este servizo.

ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR AGADEA:

XANEIRO:

<u>Curso "Enfermidade de Alzheimer, abordaxe multidisciplinar"</u>

Data: 12,14,19,21 e 26 de xaneiro de 2010

Lugar: Salón de Actos do ISM. No Concello da Pobra do Caramiñal

<u>Visita dos nosos usuarios a exposición fotográfica “El hombre y sus creencias”</u>

Data: 29 de Xaneiro

FEBREIRO:

<u>Comenzan os obradoiros de estimulación cognitiva e psicomotriz no Concello de Ribeira</u>

Lugar: Centro de Formación Cristobal Colón

MARZO:

Visita cultural dos usuarios ó Museo do Pobo Galego

Data: 12 de Marzo de 2010

Curso " Coidados integrais a persoas grande dependentes"

Data: 12 e 16 de Marzo

Lugar: Salón de actos da Paxareira, Concello de Dodro

Coidados integrais a persoas grandes dependentes

Do o 12 ao 16 de marzo en horario de 18:30 a 21:00 horas no Concello de Dodro

AGADEA

Asociaciín Galega para a Axuda dos enfermos con Demencia tipo Alzheimer

CONCELLO DE DODRO | CONCELLARÍA DE IGUALDADE E BENESTAR

MAIO

Curso " Coidados paliativos en enfermidade neurodexenerativa avanzada"

Data : do 24 ó 28 de Maio

Lugar: Salón de Actos da Paxareira, Concello de Dodro

Mais información e inscripcións:

CONCELLO DE DODRO | CONCELLARÍA DE IGUALDADE E BENESTAR

Tallós nº 56
15981 Dodro
981 802 466

SUBVENCIONA:

DEPUTACION DA CORUÑA

"É un reto para toda a sociedade contribuir a mellorar a calidade de vida das persoas que padecen a enfermidade de Alzheimer ou outras demencias, así como das súas familias".

AGADEA (Asociación Galega para Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer)

Salgueiriños de Abaixo nº 15
15704, Santiago de Compostela
Teléfono / Fax: 981 59 57 38
E-mail: agadea@agadea.org

Coidados Paliativos en Enfermidade Neurodexenerativa Avanzada

Do 24 ao 28 de maio
Horario: de 18 a 21 h
Lugar: Salón de actos da Paxareira
Prazas limitadas

XUÑO

<u>Curso "Un cuidador, dos vidas"</u>

Data: do 12 de Xuño o 3 de Xullo

Lugar: Concello de Ribeira

<u>Visita dos nosos usuarios a actuación do Coro SOLFA</u>

Data: 21 de Xuño

Lugar: Centro Sociocultural de Fontiñas

XULLO

Comeza a funcionar O Centro de Día de Alzheimer de Ribeira, dependendo da Consellería de Traballo e Benestar, e xestionado por AGADEA

Data: 29 de Xullo

TRO DE DÍA DE ALZ
IMER DE RIV

SETEMBRO

Ciclo de Cinema temático e coloquio

Data: 13, 15, 17 de Setembro

Lugar: Centro Sociocultural do Ensanche, Concello de Santiago

Instalación de mesas informativas con motivo do Día Mundial do Alzheimer

Data: 18 de Setembro

Lugar : Diversos puntos da cidade de Santiago de Compostela

Celebración de Misa conmemorativa en memoria dos falecidos pola enfermidade do Alzheimer

Data: 19 de Setembro

Lugar: Igrexa de San Fernando, Santiago de Compostela

Instalación de mesas informativas con motivo do Día Mundial do Alzheimer

Data: 21 de Setembro

Lugar : Diversos puntos da cidade de Santiago de Compostela e Ribeira

Curso "Coidados paliativos en enfermidade neurodexenerativa avanzada"

Data: do 21 ó 30 de Setembro

Lugar: Centro Sociocultural de Fontiñas, Concello de Santiago

Charla- Coloquio "Alzheimer, unha ventá aberta o coidado" e proxección das curtametraxes finalistas do SNCFilm- LundbecK

Data: 22 de Setembro

Lugar: Auditorio Municipal de Ribeira

Convivencia cos usuarios do Centro de Día de Boiro

Data: de Setembro

Lugar: Centro de Día de Ribeira

OUTUBRO

<u>Feira Galega do Voluntariado</u>

Data: do 21 o 24 de Outubro

Lugar: Area Central, Santiago de Compostela

NOVEMBRO

Comezo do programa Sábados de Respiro

Data: 13 de Novembro

Lugar: Centro terapéutico de Fontiñas

Comezo dos Grupos de Axuda Mutúa

Data: 15 de Novembro

Lugar: Ribeira

Proxecto Interxeracional: visita dos nosos usuarios a centro educativo

Data: 15 de Novembro

Lugar: Colexio de Calo

Curso "Actividades baseadas no método Montessori aplicadas a persoas con demencia"

Data: 18 de Novembro

Lugar: Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela

Comezo do plan Bucodental. Revisión dental dos usuarios por parte dun odontólogo colexiado.

Data: mes de Novembro

Lugar: Clínica Mimo Dental

Xornadas FAGAL

Data: 20 e 21 de Novembro

Lugar: Sanxenxo

<u>Curso de La Caixa " Un cuidador, dos vidas"</u>

Data: do 26 de Novembro ó 17 de Decembro

Lugar: Centro de Día de Ribeira

DECEMBRO

<u>Comezo dos Grupos de Axuda Mutúa</u>

Data: 2 de Decembro

Lugar: Oficinas de Salgueiriños, Santiago de Compostela

SOCIOS

AGADEA ven experimentando nos últimos anos un incremento considerable no número de socios, cifrados a día de hoxe en 450. Durante o ano 2010, asociáronse **15 novas persoas**; na súa maioría familiares de persoas con enfermidade de Alzheimer ou outra demencia, aínda que tamén hai socios colaboradores.

Se facemos unha aproximación o número de socios dende que se creou asociación poderemos comprobar como cada ano vanse asociando máis persoas.


90
68
45
23
0
Nº Socios/as
1994
1995
1996
1997
1998
1999
2000
2001
2002
2003
2004
2005
2006
2007
2008
2009
2010